

MPN/ecp

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a proposta de resolución da xefa do servizo de cooperación que é do seguinte teor literal,

“SERVIZO DE COOPERACIÓN

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2022016629

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGON-ALDEA FONDO DE BRANTEGA”

BENEFICIARIO: CONCELLO DE AGOLADA

ASUNTO: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN; COMPROMISO DE GASTO POR IMPORTE DE 35.650,23 EUROS POR REINVERSION DE BAIXAS

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

- Mediante Resolución Presidencial núm. 2020001518, do 13 de xullo de 2020, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do POS/2020, por importe de 38.975,72 euros ao concello de AGOLADA co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ZAHORRA” (exp.: 2020019904), cun orzamento polo mesmo importe, que unha vez xustificado constátase un remanente a favor do concello que importa 74,22 euros.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 2.30628, do 30 de xullo de 2021, concedeuse subvención por cambio de finalidade, ao abeiro da liña 1 do POS/2020, por importe de 74.900,00 euros ao concello de AGOLADA co obxecto do financiamento do investimento “SUMINISTRO DUN CAMION CON BAÑERA, DESTINO A AREAS DE VIAIS E OBRAS” (exp.: 2021028693), cun orzamento polo mesmo importe, que unha vez xustificado e liquidado, constátase un remanente a favor do concello que importa 243,00 euros.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 16.29085, do 26 de xuño de 2020, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do POS/2020, por importe de 201.367,50 euros ao concello de AGOLADA co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO” (exp.: 2020019906), cun orzamento polo mesmo importe, que unha vez xustificado e liquidado constátase un remanente a favor do concello que importa 35.333,01 euros.
- En base o antedito, o concello dispón dun remanente total ao seu favor que importa 35.650,23 euros para unha nova actuación que pretenda acometer o concello.
- Neste contexto, en data 21 de marzo de 2022, o Concello de AGOLADA solicita, formalmente, reinvestir a totalidade das baixas indicadas anteriormente, no



financiamento dunha nova actuación “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGON -ALDEA FONDO DE BRANTEGA” (exp: 2022016629) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, €
2020	35.650,23	35.650,23	0,00

- Consta no expediente, informe e certificado de titularidade do ben sobre o que se pretende actuar así como informe do técnico municipal relativo as autorización sectoriais, indicando que non son precisas para executar o investimento.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2020 e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020 (POS/20)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2020 (POS/20) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo



informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA AUTORIZACIÓN DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020 (POS/2020), que dispón que os Concellos poden solicitar o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen esperar a certificación final e xustificación do investimento. Para isto, o órgano de contratación deberá comprometerse a financiar, con fondos propios, os incrementos de custe derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición.

Unha baixa pódese aplicar no financiamento dun novo investimento, sempre e cando, o importe individual ou acumulado da baixa ou do proxecto sexa igual ou superior a seis mil (6.000,00) euros.

- Base 21ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que dispón que os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, deberán estar executados a 31 de Xullo de 2022 e xustificados, na súa totalidade, o 31 de Agosto de 2022 en base a prórroga publicada no BOPPO núm. 230 de data 27 de novembro de 2021.

CONCLUSIÓNS:

Visto que o Concello de AGOLADA ten un saldo ao seu favor, por importe total de 35.650,23 euros, que se constata trala xustificación e liquidación de diversos investimentos,

Visto que o Concello de AGOLADA solicita, formalmente e en prazo, que dito remanente se poida aplicar no financiamento do novo investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGON -ALDEA FONDO DE BRANTEGA” (exp: 2022016629).

Visto que en data 24 de marzo de 2022 o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación emitiu informe favorable de supervisión do proxecto técnico descritivo das actuacións a levar a cabo.

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do expediente do Concello de AGOLADA, CIF.:P3602000F, a fin de que se autorice o reinvestimento da baixa ao seu favor, é dicir,



35.650,23 euros, no financiamento do novo investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGON -ALDEA FONDO DE BRANTEGA” (exp: 2022016629) cun orzamento do mesmo importe, sen prexuízo de que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do Plan Concellos 2020. De acordo co disposto na base vixésima primeira do Plan Concellos 2020, xunto coa documentación xustificativa, o Concello deberá acreditar, a dación de conta ao Pleno da axuda outorgada pola Deputación.

A concesión realizarase contra a aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 do orzamento provincial para o vixente exercicio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido nas Bases Específicas de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 34 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para a autorización da aplicación desta baixa correspóndelle á Presidencia.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

En consecuencia tendo en conta o exposto e visto o informe da intervención provincial, de data 01 de Abril de 2022, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- CONCEDER ao concello de AGOLADA, CIF: P3602000F, a cantidade de 35.650,23 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE FORMIGON-ALDEA FONDO DE BRANTEGA” (2022016629) cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2020, aprobadas por acordo plenario de 29 de novembro de 2019 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02 de xaneiro de 2020 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. Xunto coa documentación xustificativa o concello deberá acreditar a dación en conta ao pleno da concesión da axuda outorgada pola Deputación.
- Asemade, ao abeiro da base vixésimo primeira do Plan de Concellos 2020, estes deberán estar executados a 31 de Xullo de 2022 e xustificados, na súa totalidade, o 31 de Agosto de 2022 en base a prórroga publicada no BOPPO núm. 230 de data 27 de novembro de 2021. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado da presente resolución ao concello de AGOLADA, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Na data da sinatura electrónica,
A XEFA DO SERVIZO DE COOPERACIÓN MUNICIPAL.-
Asdo.: Marina Piñeiro Novo”

Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

